

Venres, 21 de outubro de 2022

Núm. 202

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN E USO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Aprobación definitiva da modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN E USO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (Expte: 988/2022)

Por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, iniciado mediante publicación no BOP de anuncio de aprobación provisional en data 11/08/2022, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello tomado en sesión ordinaria que tivo lugar o día 27/07/2022, sobre a modificación de ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN E USO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA), cuxo texto consolidado se fai público como Anexo I en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No Rosal,
A ALCALDESA



Venres, 21 de outubro de 2022

Núm. 202

*ANEXO I**ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN E USO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS***ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E RÉXIME**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por Ocupación e Uso do Mercado Municipal de Abastos, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible desta taxa o conforma a conxunción de dous conceptos, a utilización privativa do dominio público, consistente na ocupación do posto, e a prestación do servizo de mercado municipal, consistente na realización de actividades por parte do Concello conducentes ao bo funcionamento do mesmo.

Esta utilización soamente a poderán levar a cabo os que obtiveran do Concello a concesión ou adxudicación dun posto.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que ocupen e se beneficien dos servizos ou actividades prestadas ou realizadas polo Concello a que se refire o artigo anterior, é dicir, os concesionarios de autorizacións para ocupar postos no mercado de abastos.

ARTIGO 4º.—RESPONSABEIS

1.— Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o art. 42 da Lei xeral tributaria.

2.— Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.



Venres, 21 de outubro de 2022

Núm. 202

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será a seguinte:

a) Pola adxudicación do posto, a cantidade resultante da correspondente licitación de conformidade co previsto no art. 24.1.b) TRLRFL, nos termos adxudicados.

b) Pola recepción dos servizos do mercado se devengarán as seguintes cotas semestrais:

POSTO Nº	ACTIVIDADE	m2	COTA SEMESTRAL	ANO
1	Peixería	13,40	241,20	482,40
2	Carnicería	13,40	241,20	482,40
3	Alimentario	9,45	170,10	340,20
4	Froitería	13,90	250,20	500,40
5	Froitería	13,90	250,20	500,40
6	Espazo gastronómico	166,55	749,48	1.498,95

Nos casos nos que se produza unha variación no número ou dimensións dos postos, en tanto non se modifique a presente Ordenanza, a cota se calculará a razón de 3 euros mensuais por metro cadrado de posto para os de alimentos, e 0,75 euros mensuais por metro cadrado de posto para o espazo gastronómico.

ARTIGO 6º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do TRLRFL, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 7º.—DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír:

a) A cota por adxudicación de postos devengase nos termos resultantes da licitación correspondente.

Non devengarán a cota por adxudicación de postos as transmisións dos mesmos que estean permitidas en cada momento polo correspondente Regulamento Municipal do Mercado de Abastos do Rosal.

b) No caso das cotas pola recepción dos servizos do mercado, o período impositivo coincide co ano natural. A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo, salvo no ano correspondente á adxudicación, que se devengará no momento da concesión. Neste caso ratearase a cota polo tempo que teña lugar o desfrute dentro de ese ano. As cotas esixiranse cunha periodicidade semestral.



Venres, 21 de outubro de 2022

Núm. 202

ARTIGO 8.—XESTIÓN

1.- O procedemento e termos da adxudicación da concesión serán de conformidade coa correspondente licitación.

2.- No momento da adxudicación se realizará liquidación de conformidade cos criterios establecidos no artigo anterior, incorporándose para períodos posteriores ao padrón correspondente.

3.—As cantidades esixidas con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo período autorizado.

4.- As solicitudes de baixa surtirán efecto a partir do período posterior á autorización. A solicitude de baixa antes de transcorrer o tempo máximo da autorización, non dará dereito a devolución algunha da cota por adxudicación, no caso de que fora prepagable de conformidade coa licitación.

5.—De conformidade co previsto no artigo 24.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, cando o aproveitamento leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbera lugar, está obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe, segundo informe dos Servizos Técnicos Municipais, sen cuxa constitución non será outorgada licenza.

ARTIGO 9.—DECLARACIÓN E INGRESO

O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos postos, por ingreso directo na Tesourería municipal no momento no que se notifique a correspondente licenza e nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, de 17 de decembro.

b) Tratándose de aproveitamentos xa autorizados, unha vez incluídos nos padróns ou matriculas, por ingreso na Tesourería municipal, nos prazos establecidos no edito de exposición ao público.

ARTIGO 10.—INFRACCIÓN E SANCIONS

No tocante a cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ao disposto no Regulamento Regulador do Mercado de Abastos do Rosal, aos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable que a desenvolve.



Venres, 21 de outubro de 2022

Núm. 202

ARTIGO 11.— XESTIÓN POR DELEGACIÓN

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na ordenanza fiscal xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia en economía prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.

2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuitos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde aos municipios da provincia de Pontevedra que delegaron as súas facultades na Deputación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobouse polo Pleno en sesión de data 13 de xullo de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente Ordenanza fiscal derroga a actual Ordenanza reguladora da "Taxa por servizos de matadoiros, lonxas e mercados, así como a carrega de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.

No Rosal,

A alcaldesa — Ánxela Fernández Callís

